

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO DÍA 17 DE FEBREIRO DE 2022

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Rogo do PP presentado por escrito

Único. Á vista das contestacións realizadas pola concelleira competente nas pasadas comisións informativas do mes de xaneiro de 2022 respecto dos contratos celebrados polo noso concello co propietario ou propietarios dos vehículos utilizados polos concelleiros de goberno na cabalgata de Reis deste ano 2022, desde o Grupo Municipal Popular solicitamos se dea cumprimento, á maior brevidade posible, ao interesado mediante escrito do 2 de febreiro de 2022 e se remita relación de facturas recibidas no Concello de Cambre pola Asociación Escaravello Club de Galicia desde o ano 2015 ata o día de hoxe, acompañada de copia das facturas correspondentes.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, recolle o rogo e di que a día de hoxe aínda non se presentaron as facturas, que cando cheguen se lles facilitarán.

Rogos orais presentados polo PP

1º Que por parte do señor alcalde se conteste ao noso rogo oral das pasadas comisións informativas do mes de xaneiro, reiterado no último pleno ordinario do mes de xaneiro, e interesado de novo na xunta de voceiros do mes de febreiro, relativo á nosa nova petición de celebración telemática de sesións de órganos colexiados.

O señor alcalde contesta que xa lle contestou a secretaria xeral no seu día, a el e á Valedora do Pobo, e remítese aos informes emitidos pola secretaria xeral ao respecto.

Don Juan María Abalo Castex di que se trata dunha petición nova e posterior.

O señor alcalde di que, nese caso, se lle contestará.

2º Que á vista da xa recorrente remisión por parte de veciños e colectivos de veciños, de correos electrónicos conxuntamente a todos os grupos políticos con representación na Corporación Municipal, nos que solicitan unha intervención ou contestación determinada en asuntos concretos, solicitamos que a

resposta aos ditos veciños sexa igualmente remitida aos grupos municipais aos que eses mesmos veciños se dirixen.

Rogo de AV presentado por escrito

Único. Estamos pendentes de que se nos conteste, xa que aínda non se tiña acabado o período da campaña e xa se falaba sobre o éxito anunciado da campaña de Nadal en prensa. Rogamos coñecer a comparativa con outros anos, con datos concretos e cifras netas, para considerar este ano como un éxito tan rotundo.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, acepta o rogo e relata os datos nos que basea tal afirmación, dando lectura do informe emitido ao respecto polo técnico da ADL, que se transcribe a continuación:

“1. A Campaña pode cualificarse de exitosa xa que, a diferenza do que acontecía en anos anteriores, este ano, e grazas á implantación das novas tecnoloxías na xestión da campaña, por medio da APP Disfruta Cambre, **foi posible obter por primeira vez datos reais do impacto da campaña.** Así, rexistrouse á participación de 85 establecementos nela, cun total de 3.419 operacións de venda rexistradas a través da APP, con 4.435 clientes contabilizados, dos que 2.738 fixeron compras nos establecementos de Cambre, por un importe de 115.447,26 €, cun ticket medio de 33,16 € e un gasto medio por cliente de 42,16 €.

2. A campaña pode cualificarse de exitosa, xa que a **porcentaxe de execución** da partida destinada aos premios en metálico do Rasca e Gaña do Nadal acadou un 81,75% (8.645,11 € dun orzamento de 10.575,00 €), fronte ao 71,16% do ano 2020 (8.860,00 € dun orzamento de 12.450,00 €), o 58,88% do ano 2019 (7.329,98 € dun orzamento de 12.450,00 €) ou o 72,90% do ano 2018 (5.831,76 € dun orzamento de 8.000,00 €).

3. A Campaña pode cualificarse de exitosa, xa que aínda que o número de establecementos participantes se viu reducido con relación ao ano 2018, no que participaron 160, ao ano 2019, no que participaron 126 ou ao ano 2020, no que participaron 127, tomando parte este ano nela 85, si que **se mantén a porcentaxe de establecementos que tomaron parte na campaña de xeito activo.** Así, no ano 2018, soamente 53 dos 160 establecementos participantes na campaña (un 33,13%) o fixeron activamente, cunha facturación media por negocio de 110,03 €. A situación mellorou lixeiramente no ano 2019, no que 64 dos 126 establecementos participantes na campaña (un 50,79%) o fixeron activamente, cunha facturación media por negocio de 114,53 €. No ano 2020, 75 dos 127 establecementos participantes na campaña (un 59,06%) o fixeron de xeito activo, cunha facturación media por negocio de 118,13 €. Neste ano que vimos de rematar, 2021, o número de establecementos que participou activamente da parte da Campaña do Rasca e gaña reservada a premios en metálico foi de 41 dos 85 participantes na campaña, o que representa un 48,24%, se ben **a facturación media por negocio elevouse de forma exponencial, ata alcanzar os 210,86 €**, aspecto valorado moi positivamente polos comerciantes, principais destinatarios desta actuación.

4. A campaña pode cualificarse de exitosa xa que, ademais do Rasca e gaña, rexistrou unha notable participación tanto no concurso de escaparates, no que se rexistraron 34 establecementos de Cambre, cunha participación a través da votación popular na web para elixir o mellor escaparate nesa modalidade que superou os 18.400 votos.

5. A campaña pode cualificarse igualmente de exitosa porque, aos 85 establecementos que participaron na Campaña do Rasca e gaña, han de engadirse os 34 que permitiron desenvolver a XIII edición do Concurso de escaparates ou as mais de 180 árbores do Nadal repartidas entre comercios, establecementos de hostalería e de servizos persoais do Concello.

6. Por último, a campaña pode cualificarse de exitosa xa que o emprego das novas tecnoloxías permitiu

detectar e corrixir actuacións que estaban a desvirtuar o funcionamento do Rasca e gaña (rascado masivo de bonos), permitindo igualmente axilizar o procedemento de revisión e pago aos comerciantes”.

Conclúe dicindo que o éxito da campaña é unha afirmación dos técnicos da ADL.

Rogos de EU	Son en Común presentados por escrito
--------------------	---

1º Con data 14 de febreiro recibimos por diferentes medios e en diferentes departamentos un escrito asinado por veciños da Tapia 2 en relación a múltiples queixas e irregularidades que demandan ante este concello e que, desde algúns grupos, temos relatado en múltiples ocasións en diferentes órganos colexiados desta Corporación:

“Os asinantes solicitan:

- 1.- Se declare nula a licenza de actividade outorgada polo concello ao pub Beagle por todos os incumprimentos e negligencias asociados ao seu outorgamento, descritos no presente documento. Cremos que todo o exposto pon de manifesto que as persoas responsables de outorgar as dúas licenzas, a de actividade e a da suposta terraza exterior, cometeron multitude de irregularidades, as cales beneficiaron aos promotores da actividade e prexudicaron enormemente aos veciños, en oposición directa do que dita no seu obxectivo a Ordenanza de rúidos.
- 2.- Se tomen as medidas oportunas por parte deste concello para emendar todos os danos descritos neste documento, ás persoas e ao edificio.
- 3.- Ser respondidos mediante un informe, aclarando a totalidade dos puntos.”

Pregamos:

Sexan atendidas con carácter inmediato estas peticións non que proceda como competencia do Concello de Cambre, e se nos faga nesta sesión unha valoración deste escrito polas persoas responsables nas presuntas anomalías descritas: responsable de Urbanismo e alcalde.

O señor alcalde di que o 1º rogo formulado por EU-Son en Común pertence á Comisión B) de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade, polo que non procede o seu tratamento.

Neste punto intervéñen dona María José García Hidalgo, de C´s, e di que ela actuará como titular na presente Comisión A) de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico e dona María Olga Santos López actuará como titular na Comisión B).

O señor alcalde di que iso será se el o permite e que a partir de agora se efectuará unha convocatoria para cada comisión, é dicir, haberá tres convocatorias, en horarios diferentes, e soamente poderán asistir os titulares ou os suplentes, no caso de que o titular non estea presente.

Don Juan María Abalo Castex manifesta o seu desacordo coa afirmación realizada polo señor alcalde e di que sobre este extremo deberá pronunciarse a secretaria municipal.

2º Achego pantallazo de dous mails entre a asinante do presente escrito e un ser indeterminado do que aínda non obtiven resposta.

Se fora pouca a falta de respecto e consideración do primeiro mail, tal e como expoño na resposta adxunta, moito maior é que 12 días despois da miña queixa non reciba nin resposta identificando ao ser que considera de xeito unipersoal o que procede ou non procede non na forma senón no fondo do pingüe espazo que un ente indeterminado decide como participación “equitativa” e “democrática” dende o anonimato e a imposición, conceptos contraditorios por definición dos primeiros.

Pregamos sexa identificada con nome e apelidos a persoa que remite este mail por estar utilizando unha conta institucional xunto coa identificación de quen e baixo que competencia toma a decisión de que é o que pode incorporar ao espazo testemuñal, irrisorio e claramente orientado a minusvaloración, silenciamento e ensalzamento do Goberno sobre a oposición.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, non acepta o rogo e di que a conta a xestiona a persoa designada pola empresa adxudicataria do gabinete de comunicación para levar o Concello de Cambre, cumprindo así co prego de prescricións técnicas.

3º No contacto cos grupos municipais e no relativo a EU Cambre-Son en Común, na páxina web do concello están mal:

- O nome: O correcto é EU Cambre-Son en Común
- Non hai mail: olguisantos@gmail.com
- O teléfono: O correcto 669 796 995

Todos estes datos son os que tedes de comunicación no Concello de Cambre, pero sorprendentemente e para sorpresa de ninguén, non son correctos na páxina.

Cando ademais pinchamos o enlace co nome incorrecto, en lugar de aparecer unha fotografía coa cara da concelleira que representa a este grupo aparece a fotografía de persoas que non son a dita concelleira (ao igual que no resto dos grupos, sempre aparecen as mesmas caras).

Pregamos: Corrixa e actualicen os datos incorrectos <http://www.cambre.es/cambre/telefonos-e-emails/grupos-municipais/?lang=es>.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, acepta o rogo e pide desculpas polo erro. Di que está corrixido e que non obedecía a mala fe ningunha.

Preguntas do PP presentadas por escrito

1ª a 5ª Á vista da próxima publicación do boletín municipal “Novas Cambre”, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao Goberno municipal:

- Cal é a tirada prevista para o último boletín?
- Con que periodicidade se pretende publicar de aquí a final de lexislatura?
- Quen son os encargados da súa elaboración nas dúas distintas fases, desde a súa redacción e elaboración ata a súa publicación e reparto?

- Cal é o custo que esta edición vai supoñer para as arcas municipais desagregado nas súas distintas fases?
- Como se vai distribuír o dito boletín?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que a tirada prevista é de 12000 exemplares.

Que a periodicidade coa que se pretende publicar é trimestral, e que o traballo se elabora pola empresa adxudicataria do gabinete de comunicación do Concello de Cambre xa que no prego técnico xa se recollía a elaboración, impresión e distribución do Boletín Informativo Municipal.

Respecto do custo, contesta que a redacción e maquetación forma parte do traballo diario do gabinete de comunicación, que pola impresión serían 1.542 € e pola distribución serían 1.920 €.

Respecto da distribución, contesta que 11.000 exemplares distribuiranse a través de buzoneo polos domicilios e 1.000 quedarán a disposición dos veciños nos edificios municipais.

6ª Desde o traspaso de competencias do Pleno á Xunta de Goberno Local na pasada lexislatura, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao señor alcalde de Cambre cantos e que asuntos da competencia do Pleno foron tratados pola Xunta de Goberno Local nesta lexislatura.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, di que non consta ningunha delegación de competencias do Pleno a prol da Xunta de Goberno Local na lexislatura pasada e que, de habela, non tería vixencia na presente lexislatura, polo que a resposta é ningún.

Pregunta de AV presentada por escrito

Única. En diversas ocasións xa preguntamos sobre este tema, e reiterámonos, posto que non tivemos unha resposta clara. Posto que se anunciara que coa apertura da nova biblioteca municipal se faría un aforro coa antiga instalación, queremos preguntar:

Cal foi o aforro feito coa apertura da nova biblioteca de Cambre?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que a día de hoxe non hai ningún aforro porque, por un lado estase regularizando a situación da parcela e do edificio e, por outro, están pendentes dende hai máis dun ano de que a Consellería veña revisar o edificio.

Preguntas de EU-Son en Común presentadas por escrito

1ª En relación coa sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 1/02/2022 no relativo ao decreto 86/2022, do 21/01/2022 – Ampliación prazo duración interinidade do arquitecto superior.

Pregunta:

Poden dar lectura ou entregarnos o informe ou informes que avalen e amparen a idoneidade da ampliación do prazo de duración desta interinidade con mención específica ao órgano ou órganos emisores do dito ou ditos informes e o prazo de ampliación concedido?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que lle entregará copia do dito informe cando remate a presente sesión.

2ª En relación coa sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 1/02/2022 no relativo ao decreto 106/2022, do 26/01/2022 – Proposta de pagamento en execución de sentenza recaída no procedemento ordinario 146/2019.

Pregunta:

Poden explicarnos os pormenores relativos a este pagamento no relativo á súa contía, demandante, causa, sentenza e procedemento ordinario do que se trata?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que se trata dunha penalización a aboar a Augaservi, por importe de 101.391,96 euros, a consecuencia das penalidades descontadas no pago dunha factura e en execución da sentenza pola que se estima o recurso contencioso administrativo interposto fronte á resolución de Alcaldía pola que se desestima o recurso de reposición contra a resolución 2243/2018 ditada no expediente de pago da factura número 22/2018 debido á prestación do servizo de auga potable e rede de sumidoiros (cuarto trimestre 2017).

3ª En relación coa sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 1/02/2022 no relativo ao decreto 113/2022, do 27/01/2022 – Expediente sancionador Pub Beagle por ter as portas abertas e emanando ruído do local ao exterior.

Pregunta:

Poden explicarnos os pormenores relativos a este expediente sancionador no relativo a identificación da súa interposición (oficio ou parte), día dos feitos, sanción no seu caso e instrucións dadas ao demandado?

O señor alcalde di que a presente pregunta pertence á comisión informativa B) por tratarse dun expediente de urbanismo.

Dona María Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta o seu desacordo co exposto polo señor alcalde e coa forma de proceder ante rogos e preguntas que a presidencia entende propios dunha comisión distinta á que se dirixen. Di que é necesario arbitrar un sistema para garantir o labor fiscalizador da oposición.

O señor alcalde contesta que o de “*fiar tan fino*” é unha práctica que non comezou el.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ,
EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos do PP presentado por escrito

1º Veciños do lugar infórmanos que nun terreo privado existente na estrada de Acaroadá Outeiro a Cela (entre o 21 e o 22) atópanse unhas árbores secas, que parecen ser castaños que, tal e como evidencian as fotografías que se achegan, presentan un evidente perigo de caer á vía pública, así como de romper os cables de alta tensión que pasan polas súas proximidades.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se requira ao concelleiro competente para que se adopten as medidas necesarias para resolver o problema advertido á maior brevidade posible.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, acepta o rogo e di que hai un expediente incoado para o efecto, que se lle notificou aos propietarios pero que a notificación veu de volta polo que procede a súa publicación e agardar os trámites oportunos.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, pide celeridade no asunto pois di que existe risco.

2º Son varias as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular puxo de manifesto ao Goberno local as deficiencias advertidas no lousado do Paseo Marítimo do Temple, lugar de tránsito peonil intensamente utilizado polos nosos veciños, que deben encontrarse en bo estado para evitar caídas, como sabemos se están producindo.

De aí que, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, sexa necesario unha vez máis poñer no seu coñecemento as deficiencias do lousado, que aínda persisten no tramo do dito paseo existente entre o límite con Oleiros e o edificio Os Magnolios, no enlace coa rúa Tapia. Tramo que, salvo erro ou omisión, non vai ser obxecto de próxima intervención municipal. Razóns que xustifican a petición do Grupo Municipal Popular ao concelleiro competente para a súa reparación á maior brevidade posible.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, recolle o rogo.

3º Unha vez máis volvemos poñer en coñecemento do Goberno local problemas na iluminación pública do noso municipio. Nesta ocasión, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, os defectos de iluminación localízanse nas rúas Ramón Cabanillas e Vicente Risco, así como entre os números 9 e 11 da rúa Constitución na parroquia do Temple, onde varios farois atópanse apagados, algúns dende hai meses.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se solicite que polo concelleiro competente se adopten as medidas necesarias para que, á maior brevidade posible, se resolvan os problemas de iluminación advertidos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, recolle o rogo. Engade que xa se lle pasou o escrito a Instelec en canto se presentou, e que coa obra de mellora de iluminación pública subvencionada polo IDAE arranxaranse estes problemas.

4º Novamente traemos a comisións informativas o problema dos vertidos incontrolados no cambio de sentido existente nas proximidades do santuario de Altamira, na N-550, no que o Goberno de Cambre se comprometeu hai máis dun ano a intervir a requirimento do Grupo Municipal Popular.

Problema que, lonxe de resolverse como se comprometera o Goberno local, viuse agudizado ao longo do último ano, con sucesivos depósitos incontrolados de todo tipo de materiais, como se dun punto limpo se tratase.

Problema que, nos últimos días deu un xiro inesperado coa instalación no lugar indicado, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, dun contedor dos utilizados nas obras, co que parece apoiarse a consolidación do dito lugar como punto limpo encuberto.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se interese que polo Goberno local se cumpra o compromiso adquirido hai xa máis dun ano en sucesivas sesións de órganos colexiados, adoptando as medidas necesarias para resolver o problema de depósitos incontrolados nel.

Dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, recolle o rogo e di que se está traballando neste tema e en contacto co SEPRONA. Engade que o contedor o colocou aí o Concello para proceder á limpeza.

5º Á vista das contestacións realizadas pola concelleira competente nas pasadas comisións informativas do mes de decembro respecto da petición de que os contedores de lixo existentes na urbanización Os Castros do Bosque, en Cecebre, non cambiaran de localización ou o foran en lugar consensuado coa maioría dos veciños, desde o Grupo Municipal Popular requírese ao Goberno local que dea cumprimento á maior brevidade posible ás peticións deste grupo ao respecto, requiridas mediante escrito do pasado 2 de febreiro, entre elas a entrega de copia completa, ordenada, foliada e dilixenciada, acompañada dun índice, do procedemento ou procedementos que se abriron na concellería ou concellerías correspondentes como consecuencia do dito cambio de localización.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que foi contestado no día de hoxe.

6º Á vista das obras que continúan realizándose nun terreo particular en Samosteiro, enfronte ao centro de saúde, desde o Grupo Municipal Popular volvemos a interesar a remisión do expediente ou expedientes administrativos incoados como consecuencia das ditas obras, debidamente ordenado, foliado, dilixenciado e con inclusión dun índice, así como o informe ou autorización de Patrimonio para a realización das ditas obras.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que xa se lle contestou con datas de 19/10/2021, 08/11/2021 e 17/02/2022 e volveráselle contestar.

Continúa a dicir que os técnicos municipais interpretan que debe gardarse un equilibrio entre a transparencia e a protección de datos e que, co ánimo de conxugar ambos aspectos, propoñen o acceso, sen máis, cando o expediente está pechado; cando o expediente está aberto, propoñen que os concelleiros se constitúan en parte, presupoñéndoselles a condición de interesados nos procedementos, e cando se trata dun procedemento sancionador deben resgardarse especialmente os datos persoais.

Engade que é un criterio técnico e invita a que os concelleiros traten este tema directamente cos técnicos municipais. Conclúe dicindo que neste caso hai incoado un expediente de disciplina urbanística.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, reitera a pregunta respecto de se existe o informe de Patrimonio, ao que don Juan González Leirós contesta que de momento non chegou.

A continuación, don Juan María Abalo Castex di que non está de acordo co criterio do concello respecto do acceso dos concelleiros aos expedientes, que soamente pide que se cumpra coa normativa de transparencia e demais normativa aplicable ao respecto. Engade que non existe tal criterio técnico e que xa levaron este asunto á Valedora do Pobo porque non pode impedírselles a participación política, que non debería ser necesario acudir á vía xudicial para que se cumpra a lei, que non é de recibo a contestación que se lles dá e que cree recordar que cando o actual equipo de goberno estaba na oposición se lles facilitaba a documentación en canto comparecían. Reitera que non quere ir pola vía xudicial cando sabe que teñen razón, por iso o piden reiteradamente.

Don Juan González Leirós contesta que o criterio é técnico, que existe un informe ao respecto e que a discusión non é política senón técnica xa que polo equipo de goberno non existe inconveniente en facilitar toda a documentación. Engade que están ante unha discusión xurídica, non política, e que o equipo de goberno avala a posición dos técnicos.

Para rematar, o señor alcalde di que non pode poñerse de exemplo a transparencia cando gobernou o PP.

Rogos de AV presentados por escrito

1º Tras anunciar a posta en marcha dun programa piloto de recollida de residuos orgánicos, vendo como están todos os contedores no Temple encima das beirarrúas, sucios e moi deteriorados, rogamos se estude co Consorcio As Mariñas, novas e mellores localizacións, así como o cambio de contedores rotos ou en mal estado.

Dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, acepta o rogo e di que, de todos os xeitos, se coñecen algún punto problemático concreto agradece que llo fagan chegar.

2º Nos núcleos urbanos do Temple e A Barcala hai espazos específicos para os cans. Algo que non acontece en Cambre e ao que se suma que todos os espazos recreativos teñen prohibido o acceso a cans. Por iso rogamos se estude a creación dun espazo para cans no núcleo de Cambre.

Dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, acepta o rogo e di que se está traballando no tema.

Rogo oral presentado por C's

Único. Con data 14 de febreiro recibimos por diferentes medios e en diferentes departamentos un escrito asinado por veciños da Tapia 2 en relación a múltiples queixas e irregularidades que demandan ante este concello e que, desde algúns grupos, temos relatado en múltiples ocasións en diferentes órganos colexiados desta Corporación:

“Os asinantes solicitan:

1.- Se declare nula a licenza de actividade outorgada polo concello ao pub Beagle por todos os incumprimentos e negligencias asociados ao seu outorgamento, descritos no presente documento. Cremos que todo o exposto pon de manifesto que as persoas responsables de outorgar as dúas licenzas, a de actividade e a da suposta terraza exterior, cometeron multitude de irregularidades, as cales beneficiaron aos promotores da actividade e prexudicaron enormemente aos veciños, en oposición directa do que dita no seu obxectivo a Ordenanza de ruídos.

2.- Se tomen as medidas oportunas por parte deste concello para emendar todos os danos descritos neste documento, ás persoas e ao edificio.

3.- Ser respondidos mediante un informe, aclarando a totalidade dos puntos.”

Pregamos:

Sexan atendidas con carácter inmediato estas peticións non que proceda como competencia do Concello de Cambre, e se nos faga nesta sesión unha valoración deste escrito polas persoas responsables nas presuntas anomalías descritas: responsable de Urbanismo e alcalde.

O señor alcalde di que se lle contestará por escrito.

Preguntas do PP presentadas por escrito

1ª Tras a visita virada nos últimos días a varios parques infantís existentes no noso municipio, entre eles o recentemente renovado de Anceis, tal e como se observa na fotografía que se achega, apréciase que o material utilizado no chan deles, unhas veces é caucho, outras veces grava miúda e noutras era de cortiza natural; material este último, escollido polos técnicos municipais como o idóneo para este tipo de instalacións.

Por iso é polo que, ante a substitución do criterio técnico por outro do que descoñecemos a súa orixe, e do que se nos transmiten dúbidas sobre a súa idoneidade para este emprazamento, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente cal é o criterio que está a ser utilizando para escoller o material para colocar no chan dos nosos parques infantís para desterrar as prescricións e criterios dos técnicos municipais.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que non se desterra ningún criterio técnico e que tanto a grava como o caucho son materiais habilitados que permite a normativa.

O señor alcalde di que a cortiza ten o problema da sucidade e dos cristais que poden quedar logo dos botellóns. Engade que non sabe de ninguén que solicite cortiza.

2ª a 4ª Numerosas son as queixas transmitidas por veciños da urbanización A Barcala sobre a ocupación de numerosas prazas de aparcamento como consecuencia da instalación de estadas ao longo de toda a fachada do edificio existente no número 3 da rúa río Brexa, razón pola cal desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente:

- Por canto tempo se ten autorizado a ocupación de domino público no dito emprazamento?

- Tivéronse en conta os problemas de aparcamento que a dita ocupación do dominio público está xerando nun lugar como A Barcala, para outorgar a dita autorización por tempo que se presume prolongado?
- Cal é o procedemento que se está a seguir na concellería para outorgar permisos de ocupación do dominio público como estes, á hora de minimizar o impacto que xera no día a día dos nosos veciños?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que contan con licenza ata o 16 de marzo de 2022, que se está matizando algunha cuestión e que a resolución pola que se concedeu a dita licenza conta cos informes preceptivos, entre eles o da policía.

O señor alcalde engade que nesta materia producíronse melloras, pois agora esíxeselles colocar pranchas para protexer as beirarrúas, colocar valos, etc., porque ao principio isto era un caos.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, di que o problema son as poucas prazas de aparcamento que existen.

O señor alcalde di que se vai modificar a ordenanza fiscal reguladora deste tipo de ocupacións para que non se alonguen as ocupacións máis do necesario.

5ª Na mesma urbanización da Barcala apréciase un absoluto deixamento sobre o mobiliario público que, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, atópase escaso de mantemento e con humidades cada vez máis apreciáveis, pese á súa pouca antigüidade. De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao concelleiro competente se van intervir proximamente sobre o mobiliario público da Barcala para resolver os defectos apreciados.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que xa se lle deu aviso á empresa.

O señor alcalde engade que eses bancos de ferro irán desaparecendo e serán substituídos por outros de diferente material.

6ª Nos últimos días, tal e como se aprecia na fotografía que se achega, no cambio de sentido existente nas inmediacións do santuario de Altamira, na N-550, apareceu un contedor de obra cheo de residuos, no que non parece lugar adecuado para o seu depósito; razón pola cal, desde o Grupo Municipal Popular, pregúntase á concelleira competente se a súa colocación foi autorizada, dirixida, ou polo menos coñecida polo noso concello para os efectos de tomar medidas respecto diso.

O señor alcalde di que esta pregunta xa foi respondida anteriormente por dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade.

Preguntas de AV presentadas por escrito

1ª Respecto da pregunta feita na comisión anterior, tamén se dicía que ía favorecer a ampliación de servizos sanitarios do centro de saúde. Motivo para preguntar que servizos se melloraron, aumento de persoal, especialidades, instalacións...

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta que, se ben se trata dunha competencia da Xunta de Galicia, solicitóuselle un médico máis de atención primaria, un fisioterapeuta e un equipo de radiodiagnóstico.

2ª Quen se fai cargo da limpeza e mantemento deste espazo?

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta que o concello se encarga do mantemento con medios propios e da limpeza mediante unha empresa externa (“Xalo Obras e Servizos”).

O señor alcalde engade que a Xunta de Galicia tamén realiza a súa achega para o mantemento.

3ª O mes pasado diversos grupos preguntaron na sesión plenaria sobre as novas prazas de aparcamento de zona azul pintadas no Temple. Quereríamos preguntar, agora que xa pasou un mes, como está a funcionar a iniciativa, que rotación hai nesas prazas, resposta/opinión dos veciños,...

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, di que o pintado se realizou o 22 de xaneiro de 2022 e que se lle solicitou informe á policía local.

O señor alcalde di que a impresión é boa.

Pregunta de C's presentada por escrito

Única. O río Gándara, ao seu paso pola zona do campo de fútbol da Barcala, vén presentando desde hai uns quince días moita sucidade na auga, tornándose de cor negra, polo que é fácil comprobar que non se trata nin de barro nin de terra. Veciños da zona, que temen que algún tubo rompera e estea vertendo directamente ao río, indicáronnos que xa o puxeron en coñecemento do concello.

Por todo isto, preguntamos:

Localizou o concello a orixe destas augas negras e sucias e comprobou se pode tratarse de porcallada procedente dalgún vertido ou rotura?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que si.

Preguntas orais presentadas por C's

1ª A orixe desas augas negras e sucias é consecuencia dun vertido ou dunha rotura?

2ª En relación coa sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 1/02/2022 no relativo ao decreto 113/2022, do 27/01/2022 – Expediente sancionador Pub Beagle por ter as portas abertas e emanando ruído do local ao exterior.

Pregunta:

Poden explicarnos os pormenores relativos a este expediente sancionador no relativo a identificación da súa interposición (oficio ou parte), día dos feitos, sanción no seu caso e instrucións dadas ao demandado?

Preguntas orais presentadas polo BNG

1ª a 3ª Numerosos veciños manifestan a súa preocupación por unhas obras de recheo que se están a realizar na antiga graveira de Cecembre. En atención á súa demanda de información, trasladamos a esta comisión informativas as seguintes preguntas:

- Axústase o proxecto e a execución do recheo á legalidade?
- Ten desenvolvido o concello algunha acción concreta en relación con este recheo?
- Hai constancia de danos a bens públicos ou privados derivados destas obras?

O señor alcalde di que se lle contestará por escrito pero que están encima dese tema.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Rogo do PP presentado por escrito

Único. Á vista da publicación no Diario Oficial de Galicia de diversas axudas da Xunta de Galicia para dotar ás bibliotecas municipais de novos fondos bibliográficos e de fomentar campañas de dinamización á lectura, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que desde a concellería competente se inicien os trámites necesarios para acceder a ditas axudas da Xunta de Galicia.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que os trámites están iniciados dende o mes pasado.

Rogos orais presentados polo PP

1º. Á vista da comunicación aos concelleiros deste Grupo Municipal Popular por parte de veciños e usuarios da biblioteca dos Templarios, na parroquia do Temple, de que tal e como se aprecia na fotografía que se achega, a dita biblioteca está sendo pechada a media tarde “por descanso de persoal”, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que se adopten as medidas necesarias para que os veciños e usuarios da mencionada biblioteca non a vexan pechada a media tarde por ningún motivo.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, di que se lle contestará por escrito.

2º Que por parte da concelleira de Cultura se informe aos grupos municipais das medidas adoptadas para resolver o problema advertido de peche temporal na biblioteca dos Templarios do Temple.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, di que se lle contestará por escrito.

Rogo de AV presentado por escrito

Único. Hai uns meses propuxemos nunhas comisións informativas algún tipo de acción dende o departamento de Xuventude para paliar os problemas de convivencia que se están a dar, principalmente no Temple, polos “botellóns” e saída dos pubs da zona, ao cal o concelleiro contestounos que non había botellóns.

Chámese como se chame, a situación é que hai un descontento da veciñanza da zona cunha situación vencellada, principalmente, á xuventude.

Posto que os dispositivos policiais non están a conseguir unha mellora notable da situación. O cal pódese ver coas protestas da veciñanza.

Rogamos algún tipo de actuación tamén dende o ámbito socioeducativo para paliar a dita situación.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, acepta o rogo, se ben di que non ve a relación entre os problemas nos pubs e a mocidade usuaria da OMIX. Engade que o traballo da OMIX é transversal e non cree que unha soa actividade dirixida a esta problemática poida ser efectiva polo que tratan de educar dende todos os aspectos.

Dona Sandra Sánchez Vieites, de AV, di que poden facer propostas, pero se hai unha situación coa xuventude igual se pode levar a cabo unha actuación máis concreta, un traballo máis localizado nese problema en concreto.

Preguntas do PP presentadas por escrito

1ª Nos últimos meses vimos como se produciu unha reedición das obras do Wenceslao Fernández Flórez, da que se fixeron eco os principais xornais de tiraxe nacional, poñendo en valor a obra dun dos escritores galegos máis populares e lidos en vida. De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, á vista da posta en valor da obra do mencionado autor, tan vinculado ao noso municipio, se pregunte á concelleira de Cultura:

Está prevista algunha actuación desde a Concellería de Cultura para reivindicar a obra de Wenceslao Fernández Flórez neste ano 2022, aproveitando o tirón que vai ter a reedición das súas obras?

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que si.

2ª Existe a día de hoxe algún tipo de actuación municipal que poña en valor a obra deste autor?

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que se está traballando niso.

3ª E no futuro máis inmediato, está previsto realizar algún tipo de exposición, homenaxe, etc. que poña en valor a vida e obra de Wenceslao Fernández Flórez?

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que si.

4ª Cal é a participación actual do noso concello na Fundación Wenceslao Fernández Flórez, existente en Cecebre?

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que a que vén sendo habitual ano tras ano.

5ª Á vista da programación que desde outros municipios da nosa contorna se programa para a ocupación do ocio dos menores de tres anos, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase á concelleira competente sobre a programación de ocio previsto no noso concello para os menores de 3 anos.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que, como vén sendo habitual, levarase a cabo o programa “ler conta moito”.

Pregunta oral presentada polo PP

Única. Á vista dos rogos orais presentados nesta Comisión de Cultura, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase oralmente á concelleira de Cultura:

Cando tivo coñecemento a concelleira de Cultura de que a biblioteca dos Templarios está sendo pechada temporalmente polas tardes?

Contestaráselle por escrito.

Preguntas de AV presentada por escrito

1ª Chegou aos nosos oídos que a empresa que está a xestionar o servizo de conserxería dos campos de fútbol está a cometer certas irregularidades no cumprimento do contrato. Principalmente no tratamento cos traballadores e na achega de materiais varios e produtos de limpeza para desenvolver as súas tarefas.

Queremos preguntar se son coñecedores da situación e no caso afirmativo, como están a abordar a situación.

E no caso de non ser coñecedores que medidas van tomar para comprobar se se están a realizar os traballos e cumprimento do contrato, tanto do servizo, como da contratación e condicións dos traballadores.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que están en contacto directo co delegado sindical da CIG e coa empresa e revisan o cumprimento na execución do contrato.

2ª Son varias as queixas que chegan sobre o servizo de axuda no fogar, xa se puxeron en diversas ocasións enriba da mesa. En que punto está o servizo coa nova empresa que o vai xestionar?

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, Concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta que aínda non se adxudicou.

3ª Antes da Covid era de costume que no mes de xaneiro se presentaban as actividades deportivas de carácter anual para toda a veciñanza. Este ano vemos que non hai novidade ao respecto. Como se vai retomar a programación de actividades deportivas para a veciñanza?

Don Daniel Mallo Castro, Concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que no ano 2021 se adelantaron as actividades deportivas ao mes de outubro xa que as restricións da pandemia facían necesario que se comezase canto antes, e que se manterán ata o verán de 2022 para que a veciñanza siga disfrutándoas. Engade que as actividades do plan inclúen ioga, taichi, relaxación (no Graxal e na Barcala), ximnasia mantemento (en Cambre, no Temple, en Brexo e nos Campóns) e ximnasia para a terceira idade (no Temple, Cecebre, Meixigo e Santa María de Vigo).

Preguntas de EU-Son en Común presentadas por escrito

3ª En relación á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 1/02/2022 no relativo ao decreto 100/2022, do 25/01/2022 – Indemnización por prestación sen contrato do servizo de escolas de actividade física e de saúde e actividades físico-recreativas de verán municipais, promovidas polo departamento de Deportes do Concello de Cambre.

Poden explicarnos os pormenores relativos a esta indemnización no relativo á súa contía, demandante, causa e cruzamento de documentos entre as partes implicadas?

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, di que se trata da indemnización pola suspensión das escolas de actividades físicas e de saúde e actividades físico-recreativas de verán promovidas polo departamento de Deportes por mor da entrada en vigor do Decreto 463/2020, do 14 de marzo, pola que se declare o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Engade que a contía da indemnización é de 1.149,64 €, e que consta no expediente a documentación xustificativa dela, así como os informes favorables da Área de Deportes e da Secretaría e Intervención municipais.